

II XORNADAS DE SOPORTE VITAL BÁSICO

O pasado 29 de novembro realizáronse dous obradoiros sobre **protocolos de actuación ante situacións de emerxencia**. Ditas actividades celebráronse coincidindo coas III Xornadas de Soporte Vital Básico do CPI de Atios dentro do marco de Atios Centro CardioSaudable.

No primeiro dos obradoiros, dirixido ao persoal colaborador do comedor escolar do centro, tratáronse as *pautas de actuación ante un atragoamento e o manexo de inxectables de adrenalina ante un shock anafiláctico*. Esta actividade terá unha segunda parte no segundo trimestre na que se abordarán contidos sobre a RCP e o anexo do DESA.



O segundo obradoiro foi dirixido ao alumnado de sexto de primaria. De forma lúdica, os escolares trataron aspectos sobre o *PAS, manobras de actuación ante un atragoamento e como actuar ante unha crise convulsiva*.

Esta actividade é o punto de partida de aspectos que abordarán ao longo da educación secundaria obrigatoria na materia de educación física.

